

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 75 da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, os acordos de creación de hospitais públicos na Comunidade Autónoma, corresponden ao:

- A) Consello Galego de Saúde
- B) Consello da Xunta de Galicia
- C) Conselleiro/a de sanidade
- D) Consello asesor del sistema público de saúde de Galicia

2. Atendendo ao disposto na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, os usuarios do sistema sanitario público, terán dereito a:

- A) A información sobre os servizos sanitarios aos que poida acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso
- B) Que se lle asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o interlocutor principal co equipo asistencial
- C) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde, nos termos que regulamentariamente se establezan pola Administración do Estado
- D) Todas as opcións son correctas

3. Atendendo ao establecido no artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia:

- A) Exerce a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma
- B) Exerce unicamente a potestade lexislativa
- C) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción executiva da Xunta de Galicia
- D) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción xudicial

4. Segundo a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, en relación coas Institucións da Unión Europea, actuará como centro de referencia nacional, garantindo a coordinación e a transmisión da información que deberá facilitar a escala nacional, en particular respecto á Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo e a súa Rede:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- C) O Comité de Seguridade e Saúde
- D) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

5. Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica electrónica dos pacientes, sinala cal das seguintes opcións é falsa:

- A) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente
- B) A prestación do consentimento informado é un dereito do médico
- C) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico
- D) O paciente non ten dereito a negarse ao tratamento en ningún caso

6. O persoal estatutario, segundo a función desenvolvida, atendendo ao Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, clasifícase en:

- A) Persoal sanitario e persoal non sanitario
- B) Persoal licenciado e persoal sen titulación específica
- C) Persoal licenciado e persoal de formación profesional
- D) Persoal sanitario e persoal de xestión e servizos

7. Segundo o establecido no artigo 18 da Constitución Española, a lei limitará o uso da informática:

- A) Para garantir o honor
- B) Para garantir a intimidade persoal e familiar dos cidadáns
- C) Para garantir o pleno exercicio dos dereitos dos cidadáns
- D) Todas as opcións son correctas

8. Atendendo ao artigo 6 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal estatutario fixo efectuarase:

- A) Polo sistema de libre designación
- B) Con carácter preferente polo procedemento de oposición
- C) Con carácter preferente polo procedemento de concurso
- D) Con carácter xeral polo procedemento de concurso-oposición

9. Segundo o artigo 20 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os aspirantes que non superen o período formativo ou de prácticas:

- A) Poderán avaliarse de novo ao pasar tres meses
- B) Reservaráselles a praza ata que superen a avaliación
- C) Perderán o dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo nese proceso concreto
- D) Non poderán volver a participar noutro proceso de selección fixa do Servizo Galego de Saúde

10. Atendendo ao artigo 63 do Estatuto Marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, manterase en situación de servizo activo o profesional que:

- A) Está en comisión de servizos
- B) Disfrute das vacacións ou permisos
- C) Se atope en situación de incapacidade temporal
- D) Todas as opcións son correctas

1. Sinale cal das seguintes opcións é incorrecta, sobre as áreas sanitarias, segundo a Lei 8/2008, modificada pola Lei 1/2018, de Saúde de Galicia:

- A) Ás áreas sanitarias correspóndelle a xestión integrada dos recursos asistenciais sanitarios públicos no seu ámbito territorial
- B) A división do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase en 25 áreas sanitarias
- C) O ámbito xeográfico de cada área sanitaria establecerase no correspondente mapa sanitario
- D) A área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias

2. Unha funcionaria pública vítima de violencia de xénero terá unha serie de dereitos, dacordo ao establecido na Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Sinale cal dos seguintes dereitos non está recollido como tal en dita Lei Orgánica:

- A) Redución de xornada
- B) Mobilidade xeográfica do centro de traballo
- C) Xustificación de faltas de asistencia ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica
- D) Percepción dunha axuda social, independentemente de cal sexa a súa retribución como funcionaria